



OURENSE, A UN DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

**XUÍZ ÚNICO FEGAN**

**ACTA N° 11-2026 / TEMPADA 2025-26**

**RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR**

Competición: LIGA GALLEGA CADETE MIXTA 25-26

Equipos participantes: R.C. NÁUTICO DE VIGO - C. MARINA FERROL

Día/hora: 26-4-26; 15:45

### **FEITOS**

**PRIMEIRO.-** O día 27-4-26 foi remitido a este Xuíz Único a acta e o anexo do encontro disputado que se referencia. No anexo da acta recóllese textualmente o seguinte feito:

*"En el 4o cuarto, se exulsa definitivamente con sustitución disciplinaria al jugador num 4 local (Diego Quintana Ribeiro) por levantarse del banquillo y protestar con los brazos en alto reiteradamente la decisión arbitral."*

**SEGUNDO.-** Con data 28-4-26 deuse trámite de audiencia ao interesado polo prazo de dous días hábiles, de conformidade co artigo 22.2 do Libro III do Réxime Disciplinario da Federación Galega de Natación.

**TERCEIRO.-** Transcorrido o prazo conferido, non consta a presentación de alegacións por parte do interesado nin do club ao que pertence.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** Corresponde ao Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN resolver as incidencias producidas nas competicións territoriais, utilizando para iso as actas dos partidos e, no seu caso, os informes arbitrais.

**SEGUNDO.-** A redacción da acta e do anexo arbitral goza de presunción de veracidade "iuris tantum", sen prexuízo do dereito do interesado a formular alegacións e a achegar cantos elementos de defensa estime oportunos.

**TERCEIRO.-** No presente expediente, non constando alegacións nin proba en contrario, mantense íntegro o valor probatorio do anexo arbitral, no que se describe unha conduta consistente en erguerse do banquillo e protestar reiteradamente, cos brazos en alto, unha decisión arbitral.

Tal comportamento excede dunha mera desconformidade silenciosa coa decisión adoptada e integra unha conduta disciplinariamente sancionable, ao supoñer unha protesta reiterada fronte á decisión arbitral durante o desenvolvemento do encontro.

**CUARTO.-** Non concorrendo, segundo o propio relato arbitral, agresión, tentativa de agresión, insulto expreso nin ameaza, non procede efectuar unha cualificación agravada dos feitos. Con todo, a conduta descrita si integra unha expulsión disciplinaria susceptible de sanción, ao implicar protesta reiterada fronte á decisión arbitral.

**QUINTO.-** Atendido o principio de proporcionalidade e de conformidade coa Normativa Xeral de Waterpolo Tempada 2025/26, en materia de sancións a xogadores/as no caso de expulsións disciplinarias, a primeira expulsión definitiva leva consigo a sanción de un partido, debendo cumprirse na categoría na que se cometeu a infracción.

### **RESOLVO**

**ÚNICO.-** Impoñer a D. **DIEGO QUINTANA RIBEIRO**, xogador do **R.C. NÁUTICO DE VIGO**, a sanción de **UN PARTIDO DE SUSPENSIÓN**, como responsable dunha infracción disciplinaria derivada da súa expulsión definitiva, nos termos recollidos na acta e no anexo arbitral.

A presente sanción deberá cumprirse na categoría na que se produciu a infracción e terá efectos inmediatos, de conformidade coa normativa vixente.

Notifíquese a presente resolución ao interesado e ao club ao que pertence, facéndolles saber que contra a mesma poderá interpoñerse o recurso que en Dereito corresponda, no prazo e forma legalmente establecidos.

En lugar e data ut supra,

**Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN**

**JOSÉ ANTONIO NÓVOA**

Colexiado nº 2.623, en exercicio, do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense.